

DIRIXIDO A:

Alumnado de 3º, 4º e 5º de Educación Primaria. As sesións están pensadas para un grupo-clase (non máis de 30 alumnos), xa que se pretende que sexan proveitosas e xeradoras de significados, non unha mera actividade puntual.

MATERIAL:

Para o desenvolvemento das sesións o centro deberá dispoñer de:

- Proxector de vídeo ou DVD

PARA MÁIS INFORMACIÓN E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:

Foro de Inmigración de Santiago

Centro Traballo e Cultura

Rúa de San Roque 6-bis. C.P.15704 – Santiago de Compostela

Tfno. 981 57 61 42

foroinmigracionsantiago@yahoo.es

Concellería de Benestar Social

U.A.M.I

Praza Camilo Diaz Baliño, 15 B


C.P.15704 – Santiago de Compostela

Tfno. 981 54 24 95

migracions@santiagodecompostela.org

CAMPAÑA EDUCATIVA

IGUAIS EN IGUALDADE



XUSTIFICACIÓN:

As migracións –en canto fenómeno propio e indisoluble dun mundo globalizado no cal priman as desigualdades socioeconómicas entre as diferentes rexións do planeta– teñen producido un importante impacto en diversos ámbitos da sociedade española, e en menor medida, aínda que non por iso menos importante, da galega.

A presenza de cidadáns inmigrantes e de descendentes de emigrantes que regresaron a Galicia nos últimos anos cada vez é maior en case todas as esferas da vida social e laboral, e tamén no eido educativo. Por isto é fundamental a implicación do sistema educativo e dos axentes sociais vinculados ao mesmo á hora de formar e preparar o alumnado para convivir nunha sociedade intercultural de forma respectuosa e empática, previndo así a aparición de actitudes prexuízosas e discriminatorias e apostando por promover a cooperación e o intercambio entre o alumnado autóctono e inmigrantes, e contemplando ao mesmo tempo a perspectiva de xénero.

OBXECTIVOS:

Xerais:

- Sensibilizar ó alumnado sobre a realidade do colectivo inmigrante, estimulando unha actitude empática e comprensiva que contribúa a creación dunha sociedade intercultural.
- Coñecer as ideas asociadas ao colectivo inmigrante e favorecer unha estruturación en caso de existir unha imaxe negativa.
- Achegar ao alumnado dun xeito crítico e razoado ao fenómeno da inmigración e a perspectiva de xénero.

Específicos:

- Estimular o respecto á diversidade e á diferenza a través dunha actividade lúdica que exprese a necesidade de apostar pola integración e por unha actitude respectuosa e aberta cara as persoas inmigrantes.
- Achegar ao alumnado a idea que a condición humana non se restrinxe aos estereotipos e que estes sempre implican unha simplificación da realidade.
- Descubrir a existencia da discriminación e prexuízos a diferentes colectivos, e propoñer alternativas para o coñecemento, aceptación e integración dos mesmos.
- Fomentar a convivencia ao proporcionar os coñecementos básicos sobre a igualdade e o respecto mutuo.

METODOLOXÍA:

O programa desenvolverase en dúas sesións de aproximadamente, dúas horas. Preferiblemente en semanas consecutivas ou alternas, durante as cales terían lugar as actividades de sensibilización.

▪ 1ª SESIÓN (1 hora e 40 minutos)

Iniciarase a actividade cunha dinámica de presentación con obxecto de coñecer o grupo e promover o achegamento ás monitoras nun clima lúdico. Intentarase promover o sentimento de identificación das/dos alumnas/os estranxeiros cara @s monitor@s e favorecer a participación e fortalecer a súa autoestima.

O traballo realizarase en grupos de 4 ó 5 alumn@s, cada uno dos cales creará unha lista con actividades que fan o colectivo inmigrante, as mulleres, os homes, así como adxectivos que os describan, é pegarana nunha ficha de puzzle xigante. Logo, veremos que unindo as pezas creamos unha figura que representa a tod@s. E que tod@s independentemente de ser inmigrantes, mulleres ou homes, podemos facer as mesmas actividades, ter os mesmos traballos, os mesmos gustos, en definitiva que somos iguais.

Seguidamente levarase a cabo unha dinámica para reforzar ditas ideas, e introducirase brevemente a temática e os contidos sobre migración, igualdade, tolerancia, dereitos humanos., discriminación e prexuízos.

▪ 2ª SESIÓN (1 hora e 40 minutos)

Retomaranse as reflexións do día anterior sobre a igualdade e os dereitos humanos, e realizarase unha actividade lúdica chamada, Quen é quen?. Na cal o alumnado deberá indicar a que fotografía corresponde determinadas historias de vida, fundamentando as súas respostas. As imaxes incluírán fotos e debuxos de persoas de diferentes sexos, idades, orixes, etc.

A idea é realizar una reestruturación cognitiva sobre os estereotipos presentes na sociedade, para isto as monitoras irán plantexando o motivo polo que as nenas/os deciden asignar as historias a unha ou outra imaxe. O principal obxectivo da actividade, es que as/os alumnas/os sexan conscientes de que a maioría das frases ou comentarios refírense a persoas, e que a condición humana está alén de calquera estereotipo, sexa referido a seu orixe, xénero, costumes, relixión, etc.

Finalmente, para promover a creatividade e a imaxinación das e dos rapazas e rapaces, participarán nunha actividade plástica na cal poidan plasmar de forma simbólica todo aquilo que foi discutido, vivenciado e asimilado durante as sesións.